| **Catálogo Nacional Monumentos Históricos** | |
|---|---|
| **Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | ALLARIZ |
| **Inmueble** | Santiago de Allariz |
| **Dirección** | Praza Maior. 32660 |
| **Coordenadas** | 42.190041 -7.802104 |
|  | |
| **Descripción** | A Igrexa de Santiago de Allariz é un templo románico construído entre os séculos XII (cara a 1119) e XIII. Do XII conserva a nave, con presbiterio de tramo recto e ábsida semicircular, e a portada norte, que recorda as tradicións prerrománicas con modillóns cilíndricos nas arquivoltas. Cada un destes rolos presenta unha decoración a base de rosetas e recordos castrexos.<br><br>No exterior destaca a cabeceira da igrexa, cunha ábsida semicircular, cun paramento dividido en varios panos por columnas e capiteis vexetais e historiados. Este tramo semicircular da ábsida e un triunfo da decoración figurativa románica con arqueаría cega.<br><br>No interior a nave presenta un teitume de madeira, arco triunfal, e o tramo do presbiterio cóbrese con bóveda de canón e a ábsida con bóveda de cuarto de esfera. Conserva un frontal de altar románico<br>decorado cunha arcada de medio punto con claras influencias do Mestre Mateo.<br><br>Da capela cabe destacar a Virxe da Esperanza de Juan de Juni, renacentista, con elegante decoración xeométrica e cuberta con bóveda estrelada.<br><br>Foi declarada Monumento Histórico -Artístico en 1931. |
| **Campanas y esquilas** | 3 campás (Dúas na igrexa e unha na torre do reloxo). |
| **Toques actuales** | |
| **Conservación** | |
| **Protección** | |
| **Propuestas** | |

| | |
|---|---|
| **Autores del registro** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA |
| **Fecha del registro** | 03-08-2022 |

## Campanas actuales

| Localización | Campana | Fundidor | Año | Diámetro | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre do reloxo | Campá das horas. | MALINGRE PARMENTIER, MANUEL | 1866 | | |
| Torre-campanario | Campá maior. | CARESA S. L. | 2001 | | |
| Torre-campanario | Campá menor. | CARESA S. L. | 2001 | | |

Información completa: Santiago de Allariz - ALLARIZ (GALICIA)